- *Debe ser integradora.* O carácter integrador da avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria esixe ter en conta as capacidades xerais establecidas nos obxectivos da etapa, a través das expresadas nos obxectivos das distintas áreas e materias. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos nesta etapa educativa será, pois, continua e integradora, aínda que diferenciada segundo as áreas e materias do currículo.
- *Debe ser formativa, cualitativa e contextualizada.* A avaliación estará vinculada ao seu ámbito e a un proceso concreto de ensino e aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumilos, aspectos históricos ou culturais.

Identifica aspectos históricos e/ou culturais, previamente traballados, en textos variados.

2. Localizar no tempo e no espazo as etapas básicas das culturas grega e romana e os seus feitos máis relevantes, os elementos de cambio e continuidade e as relacións con outras culturas coetáneas.

Identifica en textos e sitúa no espazo e no tempo, feitos relevantes da historia das culturas clásicas, previamente traballados.

3. Identificar as formas básicas de organización social e política de Grecia e Roma e a súa continuidade no mundo de hoxe.

Describe a organización sociopolítica de Grecia e de Roma, así como establecer comparacións coa existente na actualidade.

4. Localizar no espazo xeográfico as civilizacións grega e romana, así como recoñecer os elementos relevantes do patrimonio arqueolóxico e artístico na Gallaecia e Hispania.

Localiza en mapas o espazo das civilizacións antigas, así como recoñecer e situar os restos máis relevantes na Galicia e na España actual.

5. Distinguir nas diversas manifestacións literarias, artísticas e, incluso científicas de todos os tempos, a mitoloxía clásica como fonte de inspiración.

Identifica mitos en manifestacións literarias vistas nas distintas asignaturas académicas ou en calquera outro tipo.

6. Identificar elementos do legado lingüístico común das linguas románicas actuais. Recoñecer o vocabulario grecolatino nas linguas modernas.

Recoñece elementos comúns a todas as linguas estudadas no vocabulario.

7. Recoñecer os trazos esenciais de cada xénero literario.

Recoñece os elementos básicos dos xéneros literarios clásicos, acudindo as aprendizaxes xa adquiridas nas outras linguas.

8. Identificar aspectos significativos da achega da cultura clásica á civilización occidental no campo do pensamento, da ciencia e da técnica.

Identifica e relaciona as achegas do mundo clásico nos eidos do pensamento, ciencia e técnica, ao mundo actual

9. Valorar criticamente a herdanza dos clásicos e as posibilidades de influencia no mundo actual, establecendo relacións entre algúns dos valores, disposicións e costumes.

Valora e analiza a permanencia do legado clásico na actualidade, así como a evolución co paso do tempo.

10. Manexar recursos que permitan elaborar, coa axuda do profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións ou a vida cotiá en Roma.

Manexa recursos e elabora un pequeno traballo sobre algún dos aspectos do legado do mundo clásico e a capacidade de exposición posterior na aula. Valorarase o grao de planificación e a selección da información, que se debe facer acudindo a fontes variadas, así como a presentación clara e ordenada e a utilización dos medios informáticos.

Instrumentos e porcentaxe de valor

Os instrumentos ou medios utilizados para valorar o proceso de avaliación continua son os seguintes:

- **Os exames tradicionais ou probas obxectivas**, un como mínimo por cada avaliación.
- **Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais**, que non necesariamente haberán de ser avisadas ao alumnado, o cal debería incitar a que o alumno traballe de forma continua na materia.
- **Traballos** individuais ou en grupo, escritos e orais (exposición dun tema, participación en sesións de debate, etc.).
- **Caderno de clase.**
- **Lectura** de libros xuvenís ambientados no mundo grecorromano e de traducións de textos literarios orixinais clásicos, a fin de ter un maior achegamento e comprensión do mundo clásico. A extensión e dificultade dos textos irá acorde ao curso e ás características do grupo.

Os alumnos e o profesor decidirán de forma consensuada as datas para facer os exames, e a nota final de cada avaliación sairá de:

1. Proba/as obxectivas escritas **70% da nota final (5 puntos)**.
2. Realización dos traballos e das tarefas encomendadas, **30% da nota final (3 puntos)**, que se reparten do seguinte xeito:
 - **Traballos** ⇒ **20% (0.5)**. O alumno deberá realizar as actividades propostas. Descontarase da nota 0,01 por cada exercicio solicitado e non realizado e por cada vez que non traia o material de traballo.
 - **Actitude** ⇒ **10% (0.5)**. O alumno amosará unha actitude respectuosa cara ao profesor, aos compañeiros e cara á materia. Por cada falta de puntualidade restarase 0,01, por cada conduta disruptiva na aula (comentarios impertinentes, malos modais, etc) 0,01 e 0,25 se a falta é grave.

As cualificacións faranse de forma numérica e sen decimais. Considéranse cualificacións positivas aquelas superiores ou iguais a 5. Se a nota media da avaliación ten un decimal de 0.5 ou superior, farase o redondeo á alza.

En cada avaliación farase como mínimo unha proba escrita e unha posterior proba de recuperación. Esta última terá lugar ao comezo da avaliación seguinte para que non interfira con probas de avaliación doutras disciplinas. Ao final do curso o alumno deberá ter superadas como mínimo dúas avaliacións e unha delas será a última, dado o carácter continuo que ten a avaliación desta materia.

En cada proba escrita figurará o valor de cada pregunta. Para que dita proba sexa considerada válida deberá ter unha presentación adecuada e ser perfectamente lexible. Requírese unha expresión escrita correcta e ausencia de faltas de ortografía (cada falta de ortografía suporá 0,1 menos na puntuación).

Actividades de recuperación

Durante o curso pódese dar que algún alumno vaia descolgándose da marcha xeral; isto fai que perda o interese pola materia e ademais diminúa o seu rendemento. Nestes casos para os que teñan problemas en asimilar determinados conceptos ou que non podan seguir o ritmo normal da clase, se ten pensado realizar:

- Unas follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos mal asimilados.
- Tratamento individualizado de cada caso, a fin de acadar os obxectivos xerais.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO

Será unha proba escrita, na que figurará o valor de cada pregunta. Para que dita proba sexa considerada válida deberá ter unha presentación adecuada e ser perfectamente lexible. Requírese unha expresión escrita correcta e ausencia de faltas de ortografía (cada falta de ortografía suporá 0,1 menos na puntuación). Entrará toda a materia impartida. A cualificación será a acadada exactamente nesta proba. Ofertarase a posibilidade de entregar un traballo sobre a materia.

GREGO I

A avaliación é un instrumento que facilita ao profesor coñecer o desenvolvemento dos coñecementos do alumnado, pero tamén, e sobre todo, o grado de efectividade alcanzado no logro dos obxectivos propostos.

A avaliación concíbese coma un proceso que debe levarse a cabo de forma continua e personalizada, e ha de ter por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos de ensino. Por iso, a avaliación debe ser continua e integradora, valorando os progresos que cada alumno realice en función das súas capacidades e en relación co logro dos obxectivos educativos establecidos no currículo.

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos concíbese e practica do seguinte xeito:

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **Integradora**, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se evalúan de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.

- **Orientadora**, dado que aporta ao alumno a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

- **Continua**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Contémplanse tres modalidades:

- *Avaliación inicial*. Proporciona datos achega do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

- *Avaliación formativa*. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.

- *Avaliación sumativa*. Establece os resultados ao termino do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Así mesmo, contémplase no proceso a existencia de elementos de autoavaliación e coavaliación que impliquen aos alumnos.

Criterios de avaliación.

1. Ler textos gregos breves, transcribir os seus termos á lingua materna, utilizar os seus diferentes signos ortográficos e de puntuación e recoñecer o reflexo do alfabeto grego no abecedario latino propio das linguas modernas do noso contorno.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado recoñece os signos ortográficos básicos da lingua grega e le con soltura textos breves. Así mesmo, comprobarase a súa capacidade para transcribir termos á súa lingua materna e para relacionar os dous sistemas de escritura, distinguindo as semellanzas e diferenzas ortográficas e fonéticas entre ambos.

2. Comprender e ser capaz de traducir textos gregos sinxelos.

Preténdese comprobar se, con exercicios de comprensión e posterior tradución literal dun texto, o alumnado posúe a capacidade de recoñecer as diversas estruturas dunha lingua flexiva. Os textos serán breves, orixinais ou elaborados e de dificultade mínima.

3. Recoñecer en textos gregos os elementos básicos da morfoloxía e da sintaxe da oración, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.

Este criterio pretende comprobar si se adquiriron as nocións de morfoloxía e sintaxe que permitan recoñecer as características dunha lingua flexiva e identificar formas e funcións. Relacionaranse eses elementos básicos cos do galego e do castelán ou cos doutras linguas coñecidas.

4. Detectar e comprender os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico científico e técnico das linguas modernas a partir de termos que aparezan nos textos.

Este criterio permite comprobar a capacidade de relacionar termos da propia lingua materna ou doutras que coñeza o alumnado co correspondente étimo grego. Tamén intenta verificar se o alumnado adquiriu un vocabulario básico que lle

permita deducir palabras da mesma familia etimolóxica e os seus significados, tendo en conta os procedementos de derivación e composición.

5. Ler e comentar textos gregos traducidos de diversos xéneros ou textos referidos ao mundo grego e distinguir aspectos históricos e culturais contidos neles.

Con este criterio preténdese determinar a capacidade de comprender o contido esencial dun texto, delimitar as súas partes e establecer a relación entre elas. Poderase manifestar esta competencia mediante exercicios de lectura comprensiva de textos con sentido completo, contrastando os textos gregos con textos de literatura actual e valorando a súa vixencia na actualidade. Os textos referidos ao mundo grego servirán ademais, para aprender a reflexionar sobre os diferentes modos de se achegar á cultura clásica.

6. Situar no tempo e no espazo os máis importantes acontecementos históricos de Grecia, identificar as súas manifestacións culturais básicas e recoñecer a súa pegada na nosa civilización.

Este criterio trata de comprobar que se sitúan na súa época e marco xeográfico, tanto os acontecementos máis importantes que configuraron a historia de Grecia, como as súas manifestacións culturais máis significativas. Preténdese tamén constatar si se é capaz de recoñecer os elementos da cultura grega presentes na actualidade. Poderase manifestar a competencia elaborando mapas e desenvolvendo exposicións escritas ou orais sobre o mundo clásico.

7. Realizar, seguindo as pautas proporcionadas polo profesorado, pequenos traballos de investigación sobre a persistencia do mundo grego, consultando as fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e comunicación dos resultados.

Este criterio pretende verificar que as alumnas e os alumnos distinguen os elementos do mundo clásico, recoñecéndolos como herdanza do noso propio pasado, e que os interpretan criticamente á luz dos coñecementos que xa teñen, mediante a utilización selectiva de fontes diversas. Tamén trata de avaliar se son capaces de indagar nas fontes directas e tomar contacto coas materias ordenando os datos obtidos e elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais.

Instrumentos e porcentaxe de valor

Os instrumentos ou medios utilizados para valorar o proceso de avaliación continua son os seguintes:

1. Os exames tradicionais ou probas obxectivas, un como mínimo por cada avaliación. Os exames poderán tratar aspectos de diverso tipo: de desenvolvemento dun tema, de paráfrases e comentario de textos, de tradución, exercicios gramaticais de recoñecemento de formas e funcións, establecemento de paradigmas nominais e verbais, etc.

2. Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, que non necesariamente haberán de ser avisadas ao alumnado, para a aprendizaxe da morfoloxía, o cal debería incitar a que o alumno leve un estudo continuo da materia.

3. Traducións continuas, xa en casa xa no aula, para a aprendizaxe da sintaxe e das técnicas de tradución. Estas traducións no ámbito individual servirán tamén para conseguir unha clase aberta e unha participación importante do alumnado cando estas se comenten e corríxan en clase.

4. Traballos individuais ou en grupo, escritos e orais (exposición dun tema, participación en sesións de debate, etc.).

5. Lecturas, nos dous primeiros trimestres, de traducións textos literarios orixinais clásicos, a fin de ter un maior achegamento e comprensión do mundo clásico. A extensión e dificultade dos textos irá acorde ao curso e ás características do grupo.

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída no exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno. Na última avaliación valorarase o seu traballo en conxunto, partindo sempre da base da nota conseguida nesta última proba.

Trátase dunha avaliación continua, pero en cada trimestre farase como mínimo unha proba escrita. En 1ª de Bacharelato a parte lingüística (morfoloxía e tradución) valerá o 80% e o outro 20% restante corresponderá ás preguntas de tipo teórico (con especial atención aos helenismos e á cultura clásica). Para que sexa considerada válida deberá ter unha presentación adecuada e ser perfectamente lexible. Requírese unha expresión escrita correcta e ausencia de faltas de ortografía (cada falta de ortografía restará 0'2).

As cualificacións faranse de forma numérica e sen decimais. Considéranse cualificacións positivas aquelas superiores ou iguais a 5. Se a nota media da avaliación ten un decimal de 0.5 ou superior, farase o redondeo á alza.

Os alumnos e o profesor decidirán de forma consensuada as datas para facer os exames, e a nota de cada avaliación sairá de:

1. Proba/as escritas ⇒ 90% (9 puntos).

2. Traballo diario ⇒ 10% (1 punto), que se repartirán do seguinte xeito:

- **5 % (0,5 puntos):** realización das tarefas diarias
- **5% (0,5 puntos):** comportamento e actitude. Descontarase da nota 0,01 por cada falta de puntualidade ou retraso inxustificable; -0,02 por mal comportamento e 0,01 por cada vez que o alumno non dispoña do seu material.

Actividades de recuperación

Non está previsto realizar actividades de profundización, reforzo ou apoio fora do horario lectivo. De todas as maneiras, a comprobación periódica dos contidos servirá para comprobar o grado de asimilación e consecución dos obxectivos.

Durante o curso pódese dar que algún alumno vaia descolgándose da marcha xeral; isto fai que perda o interese pola materia e ademais diminúa o seu rendemento. Nestes casos para os que teñan problemas en asimilar determinados conceptos ou que non poidan seguir o ritmo normal da clase, se ten pensado realizar:

- Unas follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos mal asimilados.
- Tratamento individualizado de cada caso, a fin de acadar os obxectivos xerais.

Ó tratarse de avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación.

Tendo en conta o pequenísimo que é o grupo, poderase reforzar e recuperar mediante actividades axeitadas e individualizadas na aula, mentres o resto do alumnado dedicarase a outras tarefas.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO

A proba constará dunha tradución co seu análise morfosintactico (6 puntos) e una serie de cuestións sobre a morfosintaxe, aspectos de léxico e cultura (4 puntos). A cualificación da materia será a acadada exactamente nese exame. Nesta proba entrará toda a materia impartida.

Plan extraordinario de avaliación para alumnos/as que perdan o dereito a avaliación continua (Só en bacharelato)

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua será obxecto dun único exame a realizar dentro do calendario previsto para o ano académico correspondente. Neste caso a proba constará dunha tradución co seu análise morfosintactico (6 puntos) e una serie de cuestións sobre a morfosintaxe, aspectos de léxico e cultura (4 puntos). A cualificación da materia será a acadada exactamente nese exame. Nesta proba entrará toda a materia impartida.

GREGO II

A avaliación é un instrumento que facilita ao profesor coñecer o desenvolvemento dos coñecementos do alumnado, pero tamén, e sobre todo, o grao de efectividade acadado no logro dos obxectivos propostos.

A avaliación concíbese como un proceso que debe levarse a cabo de forma continua e personalizada, e ha de ter por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos de ensino. Por iso, a avaliación debe ser continua e integradora, valorando os progresos que cada alumno realice en función das súas capacidades e en relación co logro dos obxectivos educativos establecidos no currículo.

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos concíbese e practícase do seguinte xeito:

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **Integradora**, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- **Orientadora**, dado que aporta ao alumno a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
- **Continua**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Contémplanse tres modalidades:
 - *Avaliación inicial*. Proporciona datos achega do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferencias e unha metodoloxía adecuada.
 - *Avaliación formativa*. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.
 - *Avaliación sumativa*. Establece os resultados ao termino do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Así mesmo, contéplase no proceso a existencia de elementos de autoavaliación e coavaliación que impliquen aos alumnos.

Criterios de avaliación.

1. Comprender e traducir de forma coherente textos gregos pertencentes a diversos xéneros literarios.
2. Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía e da sintaxe casual e oracional comparándoos con outras linguas coñecidas.
3. Recoñecer en textos gregos orixinais termos que son compoñentes e étimos de helenismos e deducir o seu significado, tanto no vocabulario patrimonial das linguas modernas coma nos diversos léxicos científicos-técnicos.
4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e os seus trazos literarios e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais, identificando elementos de androcentrismo e etnocentrismo neles.
5. Realizar traballos monográficos consultando fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Instrumentos e porcentaxe de valor

Os instrumentos ou medios utilizados para valorar o proceso de avaliación continua son os seguintes:

- 1. Os exames tradicionais ou probas obxectivas**, un como mínimo por cada avaliación. Os exames poderán tratar aspectos de diverso tipo: de desenvolvemento dun tema, de paráfrase e comentario de textos, de tradución, exercicios gramaticais de recoñecemento de formas e funcións, establecemento de paradigmas nominais e verbais, cuestións relativas aos contidos culturais e literarios, etc.
- 2. Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais**, que non necesariamente haberán de ser avisadas ao alumnado, para a aprendizaxe da morfoloxía, o cal debería incitar a que o alumno leve un estudo continuo da materia.
- 3. Traducións continuas**, xa en casa xa na aula, para a aprendizaxe da sintaxe e das técnicas de tradución. Estas traducións no ámbito individual servirán tamén para conseguir unha clase aberta e unha participación importante do alumnado cando estas se comenten e corrixan en clase.
- 4. Traballos** individuais ou en grupo, escritos e orais (exposición dun tema, participación en sesións de debate, etc.)
- 5. Lectura**, de traducións textos literarios orixinais clásicos, a fin de ter un maior achegamento e comprensión do mundo clásico.

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída no exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno. Na última avaliación valorarase o seu traballo en conxunto, partindo sempre da base da nota conseguida nesta última proba.

Trátase dunha avaliación continua, pero en cada trimestre farase como mínimo unha proba escrita. Para que sexa considerada válida deberá ter unha presentación adecuada e ser perfectamente lexible. Requírese unha expresión escrita correcta e ausencia de faltas de ortografía (cada falta de ortografía restará 0'2).

As cualificacións faranse de forma numérica e sen decimais. Considéranse cualificacións positivas aquelas superiores ou iguais a 5. Se a nota media da avaliación ten un decimal de 0.5 ou superior, farase o redondeo á alza.

Os alumnos e o profesor decidirán de forma consensuada as datas para facer os exames, e a nota de cada avaliación sairá de:

1ª e 2ª Avaliación

• **un 90% do exame de avaliación.** En 2º de Bacharelato (na 1ª e 2ª Avaliación) a estrutura do exame será tipo selectividade, coas seguintes consideracións:

a. Tradución e análise dun texto (6 puntos).

b. (i) Catro cuestións relacionadas co texto proposto para a súa tradución (unha pregunta de léxico (helenismos), cuestión relativa ao autor (unha cuestión ou dúas diferentes), análise morfolóxico ou sintáctico (unha cuestión ou dúas diferentes, dependendo de se se optou por unha ou dúas cuestións relativas ao autor) de 0,5 puntos cada unha. (2 puntos). (ii) Dúas preguntas de literatura relacionadas coas lecturas obrigatorias de 0,5 punto cada unha ou ben unha soa pregunta de literatura de 1 punto. (4 puntos)

• **un 10% corresponderá aos diferentes controis de morfoloxía, literatura e helenismos** destinados a asegurar a adquisición destes contidos e que se realizarán mediante o seguimento do traballo realizado en clase.

Con independencia das notas acadadas nas diferentes probas, o profesor poderá restar ata un máximo de 0,5 da nota media final nas seguintes circunstancias: -0,01 por retraso inxustificable (R) e -0,02 por falta de comportamento (C).

Asimesmo, o profesor terá en conta o traballo diario do alumno ata un máximo de 0,5 por cada texto entregado e traballos sobre as lecturas propostas (0,1 por cada material entregado). (T). A suma total engadirase á nota media final para, posteriormente, facer o redondeo á alza se se dan as condicións.

Actividades de recuperación

Non está previsto realizar actividades de profundización, reforzo ou apoio fora do horario lectivo. De todas as maneiras, a comprobación periódica dos contidos servirá para comprobar o grado de asimilación e consecución dos obxectivos.

Durante o curso pódese dar que algún alumno vaia descolgándose da marcha xeral; isto fai que perda o interese pola materia e ademais diminúa o seu rendemento. Nestes casos para os que teñan problemas en asimilar determinados conceptos ou que non poidan seguir o ritmo normal da clase, se ten pensado realizar:

- Unas follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos mal asimilados.
- Tratamento individualizado de cada caso, a fin de acadar os obxectivos xerais.

Ao tratarse de avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación.

Tendo en conta o pequenísimo que é o grupo, poderase reforzar e recuperar mediante actividades axeitadas e individualizadas na aula, mentres o resto do alumnado traballa noutras tarefas.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO

O exame constará dunha tradución co seu análise morfosintactico (6 puntos) e catro cuestións sobre a morfosintaxe, aspectos de léxico e cultura a elixir dúas e dúas cuestións sobre as lecturas obrigatorias do curso (4 puntos). A cualificación da materia será a acadada exactamente nese exame. Nesta proba entrará toda a materia impartida.

Plan extraordinario de avaliación para alumnos/as que perdan o dereito a avaliación continua (Só en bacharelato)

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua terá que facer un único exame a realizar dentro do calendario previsto para o ano académico correspondente, finais do mes de maio. O exame constará dunha tradución co seu análise morfosintactico (7 puntos); catro cuestións sobre a morfosintaxe, aspectos de léxico e cultura para elixir dúas (2 puntos) e dúas cuestións de literatura relacionadas coas obras de lectura para elixir unha (1). A cualificación da materia será a acadada exactamente nese exame. Nesta proba entrará toda a materia impartida.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial levarase a cabo mediante a realización dunha proba escrita na que se valorarán as competencias básicas do alumnado para enfrontarse á materia. Farase especial fincapé no examen das destrezas lingüísticas, na comprensión lectora e nos coñecementos culturais previos sobre o mundo greco-latino.

Unha vez coñecidos os resultados da proba, procederase a adecuar a temporalización e a impartición de estándares de aprendizaxe. Todo o que se faga ó respecto, e que modifique a programación inicial do presente documento, quedará rexistrado nas actas de reunión de Departamento.

12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

i) Alumnado da ESO

No que se refire ao alumnado que perda o dereito á avaliación continua (isto sucederá cando non se xustifiquen as faltas dunha cuarta parte do total das horas impartidas) terá dereito a presentarse a un exame sobre os contidos do curso. Asemade, deberá entregar por escrito as actividades realizadas durante o curso.

1.-Avaliación e cualificación do alumnado na convocatoria extraordinaria. Para o alumnado que suspenda a materia en xuño, en setembro farase un exame similar os exames feitos no curso, sobre contidos mínimos, no cal poderán combinarse preguntas tipo test ou de completar con preguntas cortas ou medias que fagan necesario un mínimo de redacción, así como tamén a contestación a preguntas sobre textos relacionados con temas conectados cos contidos da materia.

2.- Plan de reforzo para o alumnado que non superou a área a lo longo do curso. O alumnado que non supere a materia ao longo das avaliacións poderá ter que realizar unhas actividades de recuperación consistentes na cumprimentación correcta do caderno (ou fichas) de clase con algunhas das actividades do trimestre, e na presentación

a unha proba escrita destinada a comprobar que se adquiriron os contidos que non se superaron na avaliación correspondente.

3.- Plan de recuperación para o alumnado coa materia pendente do curso anterior. Durante o curso procederán a realizar un traballo de recuperación da materia consistente na realización dun cuestionario e a lectura dunha obra literaria en relación cos contidos da materia ou tamén que realicen cuestionarios sobre os contidos o material que se use na aula . Asemade, terán que presentarse ós exames que teñan lugar, durante o curso, sobre os contidos da materia.

ii) Alumnado de Bacharelato

Avaliación e cualificación do alumnado con perda do dereito de avaliación continua

O alumnado que perdan o dereito á avaliación continua (cousa que sucederá cando non podan xustificar as faltas dunha cuarta parte do total das horas impartidas ata o momento, e logo do proceso correspondente que estea tipificado no centro de aviso destas incidencias) terá dereito a presentarse a un exame sobre os contidos do curso.

Grego

Ao alumnado que teña pendente a materia de Grego I ou II, entregaráse un plan de traballo no que han desenvolver os contidos mínimos esixibles no currículo do Bacharelato para a referida materia.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Debido ao carácter integrador da área permite desenvolver a atención á diversidade e traballar procedementos e actitudes dende unha concepción global do coñecemento.

No método de ensinanza-aprendizaxe entendemos que temos que cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das seus aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativos a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos.
- Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos e alumnas, coa fin de que resulten motivadoras.

O profesor seleccionará, consecuentemente, as actividades que considere pertinentes para o desenvolvemento da programación e como instrumento para atender de modo individualizado aos alumnos que presenten **necesidades educativas especiais** ou **altas capacidades intelectuales**.

As diferentes actividades estarán claramente diferenciadas en tres bloques:

- a) Actividades máis sinxelas e básicas tendentes ao desenvolvemento normal do currículo ou como reforzo e apoio de alumnos con problemas de aprendizaxe.
- b) Actividades de maior complexidade, que estarán deseñadas para ampliar os coñecementos, aptitudes e destrezas dos

alumnos especialmente motivados e capacitados. Neste caso tamén se lle dará ao alumna ou alumno material bibliográfico e documental máis especializado coa fin de manter o seu interese na materia.

c) Os alumnos que non acaden os obxectivos fixados realizarán actividades de recuperación. Contéplase tamén a posibilidade de establecer agrupamentos que posibiliten aprendizaxes en común, a realización de esquemas e resumos e a consulta de fontes de información tradicionais e informatizadas, cuxo obxectivo é desenvolver de forma gradual os contidos procedementais. Non hai que esquecer a importancia dunha boa acción tutorial, pois esta constitúe unha oportunidade excelente para o coñecemento do alumnado, así como un punto de partida para establecer colaboración co Departamento de Orientación e co resto do profesorado para deseñar estratexias de estudo, hábitos de traballo, etc. Supón ademais unha colaboración coas familias para establecer acordos sobre criterios acerca de necesidades educativas.

14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

CULTURA CLÁSICA

Dende a materia de Cultura Clásica pódense tratar os temas transversais e a educación en valores, xa que, por un lado, a sociedade clásica foi a creadora de principios e valores que seguimos considerando modélicos como a democracia ou a liberdade e, por outro lado, presenta aspectos conflictivos como a escravitude, a discriminación sexual ou o totalitarismo espartano que provocan o noso sentimento de rexeitamento. Polo tanto, comentaremos aqueles elementos e costumes da sociedade grega e romana que se consideran útiles, pero tamén criticaremos aqueloutros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

Os temas “Educación moral e cívica” e “Educación para a paz” serán tratados nas unidades didácticas referidas ás etapas históricas de Grecia e Roma e á romanización. Nesta última tamén podemos incluír os temas “Igualdade de oportunidades”, “Educación ambiental” e “Educación viaria”.

Ao explicar as unidades que tratan os sistemas políticos de Grecia e Roma abordaríanse os seguintes temas transversais: “Educación moral e cívica”, “Educación para a paz” e “Igualdade de oportunidades”.

Para as unidades dedicadas ás clases sociais, á familia e ao traballo corresponderíanlles os seguintes temas: “Educación moral e cívica”, “Educación para a paz”, “Educación para a saúde” e “Igualdade de oportunidades”.

En canto aos contidos de relixión e mitoloxía corresponderíanlles os temas: “Educación moral e cívica”, “Educación para a paz” e “Igualdade de oportunidades”.

Para máis información sobre o tratamento dos temas transversais remítese ao apartado dos estándares de aprendizaxe de cada materia, onde se concretizan os temas transversais a tratar.

15. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

No cadro que se recolle a continuación especificanse as cuestións que guiarán o proceso de avaliación docente.

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala
--	---------------

(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino -				

aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Para o presente curso académico 2017-2018 está previsto organizar unha visita ás Xornadas de Teatro Greco-Romano que se celebran na Coruña, habitualmente no mes de Marzo. Participarán, asemade, en calquera outra actividade que, sen estar prevista, se considere oportuna para unha formación máis completa do alumnado.

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PRESENTE DOCUMENTO

A programación didáctica proposta para este curso académico será obxecto de revisión cunha periodicidade trimestral. Mediante o proceso de seguimento e supervisión referido preténdese coñecer o grao de consecución da mesma a fin de poder establecer as medidas pertinentes en caso de desfase.

Ao final do curso levarase a cabo un proceso de avaliación da programación didáctica valorando os distintos logros para, deste xeito, modificar aqueles aspectos que resulten susceptibles de mellora. A continuación expónse o mecanismo de avaliación:

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
(Indicadores de logro)				
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos				

elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				

16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				

30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				